

# ALTA RIZ

ANTÓN REIXA / KIRENIA M. ACOSTA



[kireniadanza.gal](http://kireniadanza.gal)

Coproducen:



XUNTA DE GALICIA



CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO



Colaboran:



# CICATRIZ

**ANTÓN REIXA / KIRENIA M. ACOSTA**

Unha creación da compañía Kirenia Danza, coproducida por Artestudio e a Xunta de Galicia a través do Centro Coreográfico Galego.

A escolla do título, "Cicatriz", é o nome dun dos poemas máis recentes de Antón Reixa. Tamén xorde do desexo de capturar a esencia dos temas que estamos a explorar: a idea da cicatriz como marca indeleble do desexo e o barullo como a riada verbal da entropía. Buscamos que o espectáculo sexa unha experiencia trans-sensorial e emocional que convide ao público a reflexionar sobre a natureza do desexo e o caos na vida humana. A todo isto hai que engadir o subtexto da inclusividade e a posta en escena xa descrita.



DANZA CONTEMPORÁNEA.

DANZA INCLUSIVA.

GALEGO.

CASTELÁN.

Inglés (Segundo os lugares de representación).

TODOS OS PÚBLICOS.

SALAS E ESPACIOS NON CONVENCIONAIS.

50 MINS.





## SINOPSE

"A "Cicatriz" que dá nome a este espectáculo propón unha reflexión de como o "desexo" e, sobre todo, o desexo do desexo (a necesidade de ter desexos) é o motor da vida. Os dous intérpretes entran e saen de tres estruturas tubulares, a xeito de cabinas abertas, como se o xogo de "inhibición / desinhibición" fose o resorte imprescindible para a xestionar esta perplexidade da existencia. Como mínimo, a aceptación deste desafío vai deixando en nós unha cicatriz indeleble.

Se cadra, é de interese para as espectadoras e espectadores deste xogo escénico, que Cicatriz, vertebra a unión e o contraste entre a experiencia coreográfica de Kirenia Martínez e o descoñecemento de Antón Reixa en danza contemporánea mais a súa discapacidade física recoñecida do 65%.

O esencial na danza contemporánea é a emoción, por riba de calquera virtuosismo técnico ou idade.



## SOBRE A PEZA

A **orixe do proxecto "Cicatriz"** parte da experiencia previa da bailarina e coreógrafa Kirenia Martínez Acosta, directora artística da compañía Kirenia Danza, da cal Artestudio ten sido distribuidora e produtora, como tamén da súa compañía previa Entremáns.

Na última produción, "*Afectos*" (coprodución para catro bailaríns co Centro Coreográfico Galego), Kirenia xa explorara a intersección entre a danza e a poesía a través dos poemas do propio Antón Reixa, especialmente das composicións "**Whatsapp**" e "**Cicatriz**". Estes poemas téñena inspirado a aprofundar no tema do desexo e a entropía como motores da vida. *Cicatriz*, nomea e forma a parte textual deste proxecto. Ao traballar coa poesía do referencial creador Antón Reixa, a bailarina e coreógrafa, atopou unha riqueza emocional e unha profundidade conceptual que a levou a querer explorar máis a fondo no contexto escénico, mediante a colaboración directa co propio e histórico artista multidisciplinar.

Propoñemos, nunha *joint venture* desta peza escénica de danza inclusiva, a produtora Artestudio, (antiga produtora de Kirenia coa Cía Entremáns), e de novo co Centro Coreográfico Galego.





A proposta “Cicatriz” é un dúo entre a propia Kirenia Martínez Acosta e Antón Reixa sobre o escenario.

No fluír da creación do traballo xurdiu a circunstancia de que o poeta padece unha discapacidade física do 65%, secuela dun accidente de tráfico en 2016, e que se materializa nunha neuropatía sensitiva severa e crónica, con certos problemas de mobilidade. Ese foi o desencadeante para que a coreógrafa plantease a Reixa a súa participación como intérprete.

Isto introduce no espectáculo un subtexto e valor engadido de inclusividade que, se tiveramos que traducir na acción escénica, implicaría unha lectura de que o factor máis prevalente na danza contemporánea é a emoción, por riba do virtuosismo técnico, a pseudoacrobacia ou mesmo a idade (Reixa ten 67 anos).

A metodoloxía de traballo comezou co exercicio textual de identificar no texto os seguintes niveis que materializan o sentido xeral do “desexo do desexo”:

Desexo atemporal, desexo natureza, desexo e contradicións, desexo e contraste, desexo imaxinativo corporal, desexo social, desexo cultural, desexo viaxe, desexo absurdo, desexo imposible, desexo emocional, desexo antropolóxico, desexo material e desexo contraxenético.

Unha vez establecida esta estrutura, optouse por unha escenografía minimalista: dúas cadeiras e tres estruturas tubulares totalmente abertas que serían o correlato plástico de que esas tres cabinas materializan a desinhibición (entrada/ saída) como consecución do desexo.



*"Un lugar onde o movement non obedece aos límites, senón á curiosidade. E que esa curiosidade nos salve a ambos. Pregúntome, con fascinación, como escribirá o poeta despois de ter bailado a súa poesía. Como se transformarán os seus versos tras habitar as palabras co corpo, tras bailalas, tras descubrir que moverse no seu propio texto é outra forma de versar a vida? Porque cando a palabra se somete á gravidade, cando se articula desde a carne, algo no seu significado se fractura e se expande. Xa non é só linguaxe: é pegada, é xesto, é pulso."*  
—afirma Kirenía Martínez. Pola súa banda, Reixa defíneo coa precisión de quen leva décadas desafiando os límites da linguaxe e da escena: *"CICATRIZ será un espectáculo que combine danza e spoken word nunha fusión interdisciplinaria que explora o desexo e a entropía como motores da vida. Este proxecto pretende transcender os límites tradicionais da danza e da poesía, creando unha experiencia única e envolvente para o público".*





**Dirección:** Kirenia M. Acosta.

**Coreografía:** Kirenia M. Acosta.

**Intérpretes:** Kirenia M. e Antón Reixa.

**Texto:** Antón Reixa.

**Voz:** Antela Cid e Alex Sande.

**Iluminación:** Violeta Martínez.

**Músicas:** Marcos Payno e Bruno Baw.

**Fotografía e Video:** Global Blue.

**Construcción escenográfica:** Suso Mareque.

**Distribución:** Carlos Martínez Carbonell (Crémilo) e Fani Vázquez (Artestudio)

**Producción:** Uxío Novo e Fani Vázquez

**Coproducen:** Artestudio, Kirenia Danza e a Xunta de Galicia a través do Centro Coreográfico Galego.

# CATZ

## DISTRIBUCIÓN

ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL

Fany Vázquez | +34 630 867 712 | [produccion@artestudioxestioncultural.com](mailto:produccion@artestudioxestioncultural.com)

CRÉMILLO PROYECTOS CULTURALES Y DIST. ESPECTÁCULOS

Carlos M. Carbonell | +34 678 460 559 | [cmcarbonell@cremilo.es](mailto:cmcarbonell@cremilo.es)

[kireniadanza.gal](http://kireniadanza.gal)